

LÓPEZ SOUTO, África: *Mulleres que (nos) dan que pensar*, Galaxia, col. Feminismos, Vigo, 2019, 390p.

Ao coller un libro novo soemos pasar as súas follas axiña, como se con ese movemento quixeramos adquirir a súa esencia na primeira ollada. Hai quen achega o nariz como se o cheiro fora o adro do entendemento. De feito, sempre paira entre os lectores e as lectoras a pregunta: a que cheiran os libros? Se pensades que é a papel novo, a celulosa ou incluso a tinta non acertades ao coller o libro sobre o que versa esta revisión, xa que o libro da ensaísta África López Souto cheira á pota fervendo, a comida no lume, a horas de prancha, a tempo de estudo cos fillos, a pensamento, a logos que se vindica en feminino. Cheira á aventura de vivir en liberdade.

A autora asume un reto difícil, a saber, guiarnos, ou máis ben acompañarnos, na agradábel tarefa de pensar “con” e “sobre” unha chea de mulleres variadas que percorren a Historia de Galicia. Non é un libro de biografías ao uso, aínda que a vida de máis de corenta mulleres sexan a escusa perfecta para vagabundear por séculos, cidades e diferentes ámbicuatados do saber e o facer. Ese esforzo por compartir a *flâneuse* que a autora leva dentro é un agasallo que se goza desde as primeiras páxinas. Acabaremos sabendo moito de todas e cada unha das mulleres que transitan polas páxinas deste libro, mais o que o fai un ensaio único é a interpelación constante a múltiples temas do pensamento feminista actual, desde o valor dos coidados, a importancia do recoñecemento, a fenda salarial, a minusvaloración da creatividade feminina ou a complexidade dos procesos para lograr a igualdade entre homes e mulleres. Non era sinxelo mesturar a construción do corpus teórico feminista con percorridos biográficos tan dispares e, sen embargo, fica conseguido mostrándonos unha vez máis a vixencia do *dictum* “o persoal é político”.

*Recibido: 04/03/2020. Aceptado: 20/03/2020.*

O libro, a través de seis capítulos e un sétimo de reflexións finais, combina mulleres coñecidas e amplamente estudadas como Concepción Arenal, Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán ou Maruxa Malllo con outras moito menos investigadas como a escultora Dolores Rodeiro, a pianista Pilar Castillo ou a médica Olimpia Valencia entre outras moitas. Esta característica é unha aposta consciente da autora por dirixir a nosa mirada cara á “segunda fila”. Metáfora desas mulleres que fan colectivo, que non son só as excepcionais, as excelentes e pioneiras que o propio patriarcado pode asumir chegado o momento. Son as que suman e fan cotiá. Mulleres que coas contradicións propias da vida e dos seus momentos históricos e sociais racharon moldes ou, polo menos, fixeron fendas nos mesmos. Mulleres que a autora recupera para que cavilemos sobre a importancia de intentar “saltar sobre a propia sombra” aínda con erros ou con imperfeccións.

África López Souto é unha filósofa que recolle moi ben os debates que están presentes en cada unha das mulleres biografadas e os fía ou entrefía cos debates da vida. Así o resultado que se nos propón ten un nivel de teorización feminista moi importante, xa que, ao igual que fixera Michel Foucault, filósofo que López Souto coñece moi ben desde que realizou a súa tese sobre o mesmo, hai un esforzo por rastrexar no que non vemos a simple vista, rastrexar na estrutura patriarcal que priva en moitas ocasións as mulleres non só dun cuarto propio, tamén dun tempo propio. De aí, que ese escribir a anaquiños do que fala a autora sexa unha metáfora das vidas das protagonistas que tamén buscaron todas as liñas de fuga dun sistema para transformalo. Obvia dicir que ese rastrexar apoiase nunha bibliografía moi rica e variada.

Quero determe no capítulo terceiro, adicado a todas esas mulleres anónimas que foron quen de soste e mudar o mundo desde o mar, o agro, a industria o a emigración, por ser deses momentos na lectura do libro que máis me fixo pensar. Esas mulleres combinaron traballos moi duros fora do fogar con toda a responsabilidade dos coidados. No periplo por todos estes oficios e traballos de mulleres a autora móstranos a importancia de ter capacidade económica propia, unha das propostas do feminismo para a liberación das mulleres. De feito, esta tese acada especial relevancia no referido á fábrica de tabacos ou as tecedeiras, momento no que baixo o epígrafe de “gañar uns cartiños” se nos lembra a controvertida tese beauvoirana da liberación a través da autonomía económica. Que importante é afondar sobre os debates feministas desde a vida e a experiencia das mulleres de carne e oso. Por último, este capítulo lévanos a unha parte da nosa historia como pobo pouca veces analizada, a saber, a emigración feminina. Temos unha

débada coas miles de mulleres que partiron, soas ou cos seus homes, rumbo a América ou Europa e que viviron unha dupla discriminación, por orixe e por mulleres. A débada de devolverlles a memoria e recoñecerlles o traballo. Tamén a xenerosidade e o compromiso que como é o caso da asociación “Hijas de Galicia” que, na Cuba de 1917, uniu o esforzo e a vontade de moitas mulleres por axudar as súas compatriotas nunha emigración que en demasiadas ocasións supuña o engano e a prostitución forzosa; non moi lonxe do que aínda hoxe sucede na trata sexual de mulleres e nenas.

O libro remata cun capítulo final que, a modo de arribada a bo porto, ata cabos de forma provisional, xa que, nada é definitivo no proceso de construción dunha xenealoxía feminina ou en feminino do mundo. África López Souto fala das mulleres que descubriu no seu proceso de escrita e nós como lectoras temos que agradecerlle esa descuberta. Mais se algo temos que agradecerlle é a oportunidade de pensármonos a nós mesmas como mulleres debedoras dun pasado que fai parte dun proceso, continuo e colectivo, por vivirmos libres.

Remato cunha pequena cita do capítulo final para que, a modo de aperitivo da escrita fluída e rigorosa da autora, fiquen no voso padal e vos anime ao reto de pensar con López Souto e con tantas mulleres que fixeron Historia. “Facer historia das mulleres (con o usen nomes propios) é só un chanzo de cara á consecución dun coñecemento menos patriarcal. Ademais de contidos, ha de haber cambio nas metodoloxías, nas orientacións, nos obxectivos. E aquí non é só importante sumar, senón remover, transformar” (p. 366).

Carme Adán